

## ACTA

### PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 9/2021

#### SESIÓN ORDINARIA DO 25 DE MAIO DE 2021

#### ORDE DO DÍA

#### PARTE RESOLUTIVA

- 1. Actas anteriores:** Ordinaria do 27 de abril de 2022.

#### **Declaracións institucionais.**

- 2.** Declaración Institucional 8 de abril 2022, con motivo do Día Internacional do Pobo Xitano. Expte. Pleno 3432/1101.

#### **Ditames das comisións informativas:**

#### URBANISMO

- 3.** Dación de conta da contratación mediante trámite de emerxencia das obras de execución subsidiaria de derruba de edificación en situación de ruína inminente na Avda. Ramón Nieto 190. Expte. 14488/407. Expte. Pleno 3418/1101.

#### **Mocións:**

- 4.** Moción do grupo municipal do Partido Popular para solicitar a mellora do servizo ferroviario de media distancia entre as cidades de Vigo - Santiago - A Coruña. Expte. Pleno 3427/1101.
- 5.** Moción do concelleiro membro non adscrito, en apoio á petición das familias das vítimas do naufraxio do Villa Pitanxo. Expte. Pleno 3425/1101.
- 6.** Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta a asumir o estudo de alternativas á Presa de Eiras e outros acordos complementarios. Expte. Pleno 3429/1101.
- 7.** Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta a derogar o artigo da Lei da Área Metropolitana de Vigo que condiciona a súa constitución á integración nun Plan de Transporte Municipal que non existe. Expte. Pleno 3428/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:06	Páxina 1 de 32
3457-1101	CSV: AHAAB3-A3AHB7-5F2D55-YYN9G1-7B7RJ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

8. Moción do grupo municipal Socialista, instando ao actual Presidente da Xunta a recoñecer á cidade de Vigo unha débeda histórica de 2.258 millóns de euros, consecuencia das actuacións dos 13 anos anteriores. Expte. 3430/1101.
9. Moción do grupo municipal Socialista, en apoio á plataforma emancipatic.org ao seu manifesto para facilitar o acceso e o uso das tecnoloxías dixitais ás persoas maiores. Expte. Pleno 3431/1101.

### **PARTE DE CONTROL**

10. Dar conta de resolucións da Alcaldía, do 20.04 ao 13.05.22. Expte. 1213/1102. Expte. Pleno 3421/1101.
11. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, do 20.04 ao 13.05.22. Expte. 1214/1102. Expte. Pleno 3422/1101.

#### **Mocións.**

12. Moción do grupo municipal Mixto sobre a situación administrativa e laboral da concesión do transporte urbano de Vigo. Expte. Pleno 3420/1101.

#### **13. Formulación de rogos.**

#### **14. Formulación de preguntas.**

#### ASISTENTES

##### POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Caballero Álvarez Abél Ramón  
 Aguiar Castro Yolanda  
 Aneiros Pereira Jaime  
 Blanco Iglesias Eugenia Dolores  
 Caride Estévez María José  
 Espinosa Mangana Elena  
 Estévez Rodríguez Pablo Luis  
 Fernández Pérez José Manuel  
 Gómez Díaz Gorka  
 Iglesias González Ana Laura  
 Lago Barreiro María del Carmen  
 López Font Carlos  
 Losada Alvarez Abel Fermín  
 Mejías Sacaluga Ana Maria

##### POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Bartolomé Tocino, Carlota  
 Egerique Mosquera Teresa  
 López Román Patricia  
 Marnotes González José Alfonso

##### POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Méndez Fuentes Oriana  
 Pérez Correa Ruben

##### MEMBRO NON ADSCRITO



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:06	Páxina 2 de 32
3457-1101	CSV: AHAAB3-A3AHB7-5F2D55-YYN9G1-7B7RJ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Pardo Espiñeira Francisco Javier  
Rivas González Ángel  
Rodríguez Díaz Santos Héctor  
Rodríguez Rodríguez Nuria  
Silva Rego M<sup>a</sup> Carmen

Pérez Igrexas Xabier

NON ASISTEN:

Rodríguez Calviño Patricia, concelleira do grupo municipal Socialista.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e sete minutos do día vinte e cinco de maio do ano dous mil vinte e dous, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Bartolomé Tocino, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, López Roman, Losada Alvarez, Marnotes González, Mejías Sacaluga, Méndez Fuentes, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Pérez Igrexas, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

### **PARTE RESOLUTIVA**

#### **1.(94) ACTAS ANTERIORES: ORDINARIA DO 27 DE ABRIL DE 2022.**

VOTACIÓN E ACORDO.

Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, aprobase a acta ordinaria do 27 de abril de 2022.

### **DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.**

#### **2.(95) DECLARACIÓN INSTITUCIONAL 8 DE ABRIL 2022, CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DO POBO XITANO. EXPTE. PLENO 3432/1101.**

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de maio, número 3432/1101, a seguinte Declaración Institucional,

“Declaración institucional 8 de abril 2022



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:06	Páxina 3 de 32
3457-1101	CSV: AHAAB3-A3AHB7-5F2D55-YYN9G1-7B7RJ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## Día Internacional do Pobo Xitano

Celebramos, un ano máis, o 8 de abril, Día Internacional do Pobo Xitano. Unha celebración que conmemora o I9 Congreso Mundial Xitano, celebrado en Londres en 1971, no que se adoptaron os símbolos propios do Pobo Xitano: a bandeira azul e verde cunha roda vermella, e o himno Gelem, Gelem. En España foi en 2018, a petición do Congreso dos Deputados, cando tivo lugar o recoñecemento do 8 de abril como Día do Pobo Xitano, así como o uso da bandeira e o himno xitanos.

O 8 de abril, Día Internacional do Pobo Xitano, é o momento de comprometerse como sociedade, como país, coa plena igualdade dos xitanos e das xitanas. Igualdade desde o recoñecemento da diversidade e do valor dunha identidade cultural propia, pero que forma parte da nosa historia e a nosa cultura compartidas.

Cada vez máis institucións e persoas súmanse ano a ano a esta celebración, nun xesto simbólico de recoñecemento. Pero a pesar dos avances, os xitanos e xitanas seguen estando por detrás e a gran distancia do resto da sociedade no goce de dereitos fundamentais como o emprego decente, a educación de calidade, unha vivenda digna ou o dereito a non ser discriminados.

Un motivo de celebración deste 8 de abril é a aprobación, o pasado mes de novembro, da nova Estratexia Nacional de Igualdade, Inclusión e Participación do Pobo Xitano 2021-2030. Un marco político específico que nace non só do recoñecemento da situación de desigualdade e discriminación da poboación xitana e da necesidade de dar unha resposta estrutural a esta situación, senón que tamén avanza no impulso da participación e o recoñecemento do Pobo Xitano na nosa sociedade e ñas institucións.

Outro recente fito institucional de relevancia foi a posta en marcha da Subcomisión para o estudo dun Pacto de Estado contra o Antixitanismo e a Inclusión do Pobo Xitano no Congreso dos Deputados, e o inicio das comparecencias para a elaboración do informe que permita alcanzar un Pacto de Estado.

Dous fitos moi relevantes que configuran o marco político e institucional para avanzar na igualdade, a inclusión e a participación do Pobo Xitano.

A celebración do Día Internacional do Pobo Xitano 2022 chega nun terrible contexto de confuto internacional coa invasión militar rusa de Ucraína, e non podemos ignorar o que está a suceder ñas fronteiras da Unión Europea. Por iso, este ano queremos que o 8 de abril constitúa tamén unha sentida homenaxe a tódalas persoas que están a sufrir en primeira persoa as consecuencias desta guerra, tanto en Ucraína como nos países limítrofes, e especialmente á comunidade xitana ucraína, que sabemos que en moitos casos está a sufrir un trato discriminatorio.

O Pobo Xitano caracterízase pola súa solidariedade, pola súa unidade, pola súa identidade compartida e os seus vínculos máis aló das fronteiras; e sabemos que ñas crises sempre teñen máts dificultades quen está nunha situación de maior vulnerabilidade, como os xitanos e xitanas. Por iso queremos apelar á solidariedade con tódalas vítimas desta guerra, tamén co pobo xitano ucraíno, e compartir a reivindicación dunha sociedade xusta, baseada nos dereitos e as liberdades, nos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:06	Páxina 4 de 32
3457-1101	CSV: AHAAB3-A3AHB7-5F2D55-YYN9G1-7B7RJ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

valores democráticos, na igualdade de oportunidades e na cohesión social, para o Pobo Xitano e para o conxunto da sociedade.

Vivimos nun contexto de dificultades (crises, pandemia, guerra...} pero que non pode suponer un paso atrás nos avances que demos na garantía de dereitos e oportunidades para o Pobo Xitano en España e en Europa. Por iso, os pasos que se van dando no recoñecemento institucional, e a conmemoración do 8 de abril é un deles, deben traducirse tamén en medidas concretas para reducir a desigualdade, loitar contra a discriminación e o antixitanismo, e avanzar en dereitos e cidadanía do Pobo Xitano.

Feliz 8 de abril.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

ACORDO.

A anterior Declaración Institucional enténdese aprobada por asentimento dos membros presentes da Corporación.

#### DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

### **3.(96) DACIÓN DE CONTA DA CONTRATACIÓN MEDIANTE TRÁMITE DE EMERXENCIA DAS OBRAS DE EXECUCIÓN SUBSIDIARIA DE DERRUBA DE EDIFICACIÓN EN SITUACIÓN DE RUÍNA INMINENTE NA AVDA. RAMÓN NIETO 190. EXPTE. 14488/407. EXPTE. PLENO 3418/1101.**

ANTECEDENTES: O 3 de maio de 2022 a técnica de administración xeral, co conforme do xefe dos Servizos Centrais e do xerente de Urbanismo, emite o seguinte informe:

“ANTECEDENTES

Redáctase o presente informe-proposta de conformidade co establecido na Lei 9/2017 de contratos do sector público, xunto co Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

Xirada visita de inspección polos arquitectos da Oficina de Obras e Proxectos Municipais, a instancia do Servizo de Bombeiros, á edificación sita na rúa Ramón Nieto, núm. 190, con referencia catastral 5954219NG2755N0001LE, emiten informe con data 6 de abril de 2022, achegando reportaxe fotográfica que acredita a situación do inmovible e as actuacións inmediatas a desenvolver, recollendo a necesidade de derruba completa ante o estado de ruína técnica.

Dito informe obra no expediente 2408/435, pertencente a oficina de Conservación da Xerencia Municipal de Urbanismo, no que consta a actual tramitación da



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:06	Páxina 5 de 32
3457-1101	CSV: AHAAB3-A3AHB7-5F2D55-YYN9G1-7B7RJ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

declaración de ruína inminente da edificación.

Con data 8 de abril de 2022, polos arquitectos da Oficina de Obras e Proxectos Municipais, emítase o seguinte informe:

*“A empresa RESIGAL GESTION INTEGRAL DE GALICIA S.L., a solicitude dos técnicos municipais, achega estimación económica para a derruba completa da edificación.*

*O importe total ofertado, incluíndo o 13% de gastos xerais, o 6% de beneficio industrial e o 21% de IVE acada os 31.460´00. A superficie total € construída acada os 368´00 m<sup>2</sup> segundo os datos obtidos da Oficina Virtual do Catastro.*

*En comparación con procedementos de contratación de derrubas de edificacións semellantes (edificación tradicional con muros de fábrica de pedra e forxados de madeira) tramitados na Xerencia de Urbanismo o importe correspóndese con prezos habituais de mercado tal e como se pode comprobar na seguinte táboa comparativa:*

	Superficie	Importe (IVE incluído)	€/m <sup>2</sup>
Ramón Nieto 190	368´00 m <sup>2</sup>	31,460´00 €	85´49 €/m <sup>2</sup>
Camiño Xorxa nº13	112´00 m <sup>2</sup>	17,545´00 €	156´65 €/m <sup>2</sup>
Cataluña nº25	206´00 m <sup>2</sup>	34,000´00 €	165´05 €/m <sup>2</sup>
Longra nº12	267´00 m <sup>2</sup>	24,006´40 €	89´91 €/m <sup>2</sup>

*A edificación atópase en estado de ruína técnica e non se pode garanti-la estabilidade das partes que quedan en pé xa que a edificación non conta con cuberta e gran parte dos forxados de madeira están afectados pola acción do lume razóns polas que consideramos necesario que se proceda de inmediato á derruba completa da edificación para o que se propón a contratación da empresa RESIGAL GESTION INTEGRAL DE GALICIA S.L. xa que é unha empresa especializada na execución de obras de derruba, dispoñen de medios e xa se atopan traballando nesa edificación pola necesidade de derrubar elementos susceptibles de caída incontrolada e achegan unha oferta con prezos de mercado.”*

Á vista do presuposto achegado e dos informes emitidos nos expedientes 2408/435 e 14488/407, en data 8 de abril de 2022 a Vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo ditou a seguinte resolución:

*“PRIMEIRO.- Subscribir no presente procedemento, a declaración de non estar incurso en posible conflito de intereses nos termos establecidos no modelo aprobado para o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo na súa sesión de data 3 de marzo de 2020.*

*SEGUNDO.- Declarar de emerxencia a tramitación da contratación das obras de execución subsidiaria de derruba da edificación sita na rúa Ramón Nieto, núm. 190 con referencia catastral 5954219NG2755N0001LE, por motivos de urxencia e seguridade das persoas e dos bens*

*TERCEIRO.- Autorizar o gasto de acordo ó disposto no artigo 185 do R.D.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:06	Páxina 6 de 32
3457-1101	CSV: AHAAB3-A3AHB7-5F2D55-YYN9G1-7B7RJ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

*Lexislativo 2/2004, do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas por importe de trinta e un mil catrocentos sesenta euros (31.460,00 €) IVE engadido, polas obras da execución de derruba de edificación sita na rúa Ramón Nieto, núm. 190, con cargo á partida 1510.2279905.*

*CUARTO.- Adxudicar a entidade RESIGAL GESTIÓN INTEGRAL GALICIA S.L. con CIF. B- 27857309, a realización da obra de execución subsidiaria na edificación sita na rúa Ramón Nieto, núm. 190 conforme á valoración achegada, por un importe de 26.000,00€ máis 5.460,00€ en concepto de IVE, sen que en ningún caso a execución desta Resolución poida dar lugar a fraccionamento do obxecto do contrato, entendéndose que os expedientes deben abarcar a totalidade do obxecto, comprendendo todos e cada un dos elementos precisos para a execución do mesmo.*

*QUINTO.- Nomear como Directores de Obra aos arquitectos municipais da Oficina de Obras e Proxectos Municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo, desenvolvéndose os traballos baixo a súa supervisión.*

*SEXTO.- Requirit á entidade adxudicataria para que, unha vez realizada a derruba, e antes da sinatura da acta de recepción da obra, acheguen no Rexistro Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo, xustificación do correcto tratamento dos entullos xerados incluíndo o seu depósito en vertedoiro autorizado.*

*SÉTIMO.- Dar traslado da presente resolución ao departamento de Conservación e a Oficina de Obras e Proxectos Municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo*

*OITAVO.- Dar conta desta resolución e das actuacións levadas a cabo ó Pleno da Corporación, na primeira sesión ordinaria que se celebre.*

*NOVENO.- Notificar a presente resolución ós interesados, advertíndolle á propiedade que a obra será realizada ó seu cargo, practicándolle unha liquidación provisional por importe 31.460,00 € euros (26.000,00€ máis 5.460,00€ en concepto de IVE)."*

Consta no expediente acta de replanteo da execución da obra asinada en data 18 de abril de 2022 e acta de recepción dos traballos de execución subsidiaria contratados de data 27 de abril de 2022.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### 1.- Normativa de aplicación

- Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:06	Páxina 7 de 32
3457-1101	CSV: AHAAB3-A3AHB7-5F2D55-YYN9G1-7B7RJ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, na súa versión consolidada de data 6 de setembro de 2010 (BOP núm.193 do 6 de outubro de 2010)

## 2.- Tramitación de emerxencia

A tramitación de emerxencia está regulada no artigo 120 da LCSP que a limita a aqueles contratos que veñan determinados pola necesidade dunha actuación inmediata por mor de acontecementos catastróficos, de situacións que supoñan grave perigo ou de necesidades que afecten á defensa nacional. Caracterízase porque nestes casos pódese prescindir da tramitación do expediente de contratación, reservándose a tramitación ordinaria para aquelas actuacións que non teñan o carácter de emerxencia.

Os supostos nos que cabe a tramitación de emerxencia son os seguintes:

- 1) Acontecementos catastróficos.
- 2) Situacións que supoñan grave perigo
- 3) Necesidades que afecten á defensa nacional.

Este réxime excepcional caracterízase polas seguintes notas:

1. O órgano de contratación, sen obrigación de tramitar expediente de contratación, poderá ordenar a execución do necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevida, ou contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeitarse aos requisitos formais establecidos na presente Lei, incluso o da existencia de crédito suficiente. No caso de que non exista crédito adecuado e suficiente, unha vez adoptado o acordo, procederáse á súa dotación.
2. O prazo de inicio da execución das prestacións non poderá ser superior a un mes, contado desde a adopción do acordo. Si excedécese este prazo, a contratación de devanditas prestacións requirirá a tramitación dun procedemento ordinario.
3. Executadas as actuacións obxecto deste réxime excepcional, observarase o disposto na lei sobre cumprimento dos contratos, recepción e liquidación da prestación.
4. As restantes prestacións que sexan necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia contrataranse con arranxo á tramitación ordinaria.

O artigo 120 da LCSP atribúe a competencia para a tramitación nestes procedementos de contratación ao órgano de contratación. Nembargantes, na lexislación básica do Estado sobre réxime local atopamos preceptos que regulan a actividade contractual das entidades locais, de aplicación con carácter supletorio a LCSP e ó Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e sempre que non contradiga o establecido nestas normas básicas.

Debemos ter en conta que, nos mesmos supostos, do artigo 120 da LCSP, o artigo 117 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local faculta



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:06	Páxina 8 de 32
3457-1101	CSV: AHAAB3-A3AHB7-5F2D55-YYN9G1-7B7RJ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



ó Presidente da Corporación a “ordenar a directa execución das obras” ou a contratalas libremente, en todo ou en parte, sen suxeitarse ós requisitos formais legalmente establecidos”, recollendo o no seu apartado primeiro a necesidade de dar coñecemento ao Pleno da Corporación das actuacións realizadas.

De conformidade coa Resolución de data 11 de xullo de 2019 ditada en aplicación das facultades que como Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo lle atribúe a normativa de aplicación, en especial, os artigos 124. 4 e 5 da Lei 7/1985, de 2 de abril; 43 e seguintes. RD.2568/1986, de 28 de novembro e 5 dos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (versión consolidada; Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 193, do 06.10.2010), delegase a dita competencia na Vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo, dando conta da presente contratación ao Consello da Xerencia e Pleno da Corporación

### 3.- Dación de conta.

Á vista do exposto nos antecedentes e normativa sinalada entendese que resulta procedente a elevación ao Consello da Xerencia e Pleno, da contratación realizada, de conformidade co artigo 120.1 LCSP, dándose conta do acordo de contratación de emerxencia levado a cabo, ao efecto, pola Vicepresidenta da Xerencia.

En base aos antecedentes e fundamentos de dereito sinalados, propónse ao Consello da Xerencia a elevación ao Pleno do seguinte Acordo:

Dar conta da tramitación e actuacións realizadas consistentes na contratación por emerxencia da execución subsidiaria das obras de derruba de edificación en situación de ruína inminente, sita na Avda Ramón Nieto núm. 190.”

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en data 10 de maio de 2022, toma coñecemento do acordo da contratación de emerxencia

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

### ACORDO.

O Pleno queda enterado da tramitación e actuacións realizadas consistentes na contratación por emerxencia da execución subsidiaria das obras de derruba de edificación en situación de ruína inminente, sita na Avda Ramón Nieto núm. 190.

*Incidencia. Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:06	Páxina 9 de 32
3457-1101	CSV: AHAAB3-A3AHB7-5F2D55-YYN9G1-7B7RJ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

*Incidencia. Faise un cambio na orde do día e a moción nº 4 pasa a ser a nº 5 e viceversa.*

**MOCIÓNS:**

**4.(97) MOCIÓN DO CONCELEIRO MEMBRO NON ADSCRITO, EN APOIO Á PETICIÓN DAS FAMILIAS DAS VÍTIMAS DO NAUFRAXIO DO VILLA PITANXO. EXPTE. PLENO 3425/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de maio de 2022, número 3425/1101, o concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

**MOCIÓN**

*“EN APOIO Á PETICIÓN DAS FAMILIAS DAS VÍTIMAS DO NAUFRAXIO DO VILLA DE PITANXO*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas últimas semanas o Goberno de España comprometeuse publicamente na procura de medios para descender, tras localizalo, ao buque “Villa de Pitanzo”.

Transcorrido un tempo máis que razoábel, e tras a falta de noticias, indícase que non se realizará esta operación, o que xera vergonza e dor pola clara falta de respecto aos 21 falecidos, as súas familias e a toda a xente do mar.

Sumado á falta de humanidade e empatía que xera este feito, hai que sinalar que a excusa de non poder atopar os corpos ou a imposibilidade de acceder ao interior da nave non é obstáculo para acometer o descenso até o barco afundido, e poder obter imaxes da situación e circunstancias nas que se atopa buque.

Ademais, a Fiscalía indicou a existencia de indicios de homicidio imprudente no afundimento do “Villa de Pitanzo”, cuestión pola cal, e agora máis ca nunca, o visionado do estado do barco arrojaría datos para o bo discorrer da investigación e, consecuentemente, para o esclarecemento da verdade.

Polo que, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

INSTAR ao Goberno de España a posta en marcha dunha operación de traballo subacuático que permita localizar o buque “Villa de Pitanzo”, descender ao mesmo e elaborar un traballo fotográfico e audiovisual sobre o estado do mesmo, así como recoñecer a súa contorna e zona exterior do buque para verificar a localización dos corpos dos tripulantes desaparecidos

INSTAR a que se cumpra o compromiso adquirido de baixar ao buque.”



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:06	Páxina 10 de 32
3457-1101	CSV: AHAAB3-A3AHB7-5F2D55-YYN9G1-7B7RJ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a moción presentada, en data 20.05.22 (Rex. Nº 3425/1101), polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

*Incidencia. Ausentanse do Salón de Plenos o Alcalde-Presidente e a 1ª Tenente de Alcalde, a Sra. Silva Rego, presidindo o Pleno o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira.*

**5.(98) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA SOLICITAR A MELLORA DO SERVIZO FERROVIARIO DE MEDIA DISTANCIA ENTRE AS CIDADES DE VIGO - SANTIAGO - A CORUÑA. EXPTE. PLENO 3427/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de maio de 2022, número 3427/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, formula a seguinte,

MOCIÓN

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 18 de abril de 2015, hai agora sete anos, entrou en funcionamento a liña do Eixo Atlántico de Ferrocarril que une a nosa cidade con A Coruña. Dende entón rexistra millóns de pasaxeiros ao ano e cumpre unha importantísima función de vertebración territorial e de servizo público de transporte de viaxeiros. Porén, os tempos e as frecuencias dende entón teñen empeorado, en lugar de mellorar e a día de hoxe inda non se recuperaron as perdas durante a pandemia.

Os usuarios denuncian eivas como as seguintes:

- Desaxuste de horarios nas horas de entrada e retorno laborais máis acusadas en Vigo e A Coruña, extremos do Eixo Atlántico. NON hai trens que cheguen a Vigo ou a Coruña antes das 8 e a Santiago chegan as 7:50. Dende A Coruña non hai trens entre 15:00 e 17:00..
- Abonos ríxidos na media distancia convencional que é eixo atlántico e prezos moi elevados para as rendas galegas.
- Falta fiabilidade no servizo por atrasos habituais e cómputo arbitrario da hora de chegada. Non se cumpre a condición de ser alcanzable universalmente e ademais Renfe noutros territorios como proximidades ou a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:06	Páxina 11 de 32
3457-1101	CSV: AHAAB3-A3AHB7-5F2D55-YYN9G1-7B7RJ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

modalidade de alta velocidade Avant permite abonos de 60 días, cómputo de data a data en lugar de por mes natural...

- Desconexión dos outros modos de transporte: bonificación aparcadoiro coche, falta inclusión no plan metropolitano da Xunta ou ligazón cos transportes urbanos das respectivas cidades.
- Falta de transparencia e procedemento por parte de Renfe como operador.

A implantación de servizos ferroviarios declarados como obriga de Servizo Público por acordo do Consello de Ministros do 15 decembro de 2017, determinando a competencia da Administración Xeral do Estado e sinalando que subscribiría un contrato con RENFE tanto para a liña de servizos de media distancia convencional Vigo A Coruña, como a de alta velocidade media distancia AVANT Ourense A Coruña.

Esta modalidade de transporte de carácter público e interese xeral con promesa de velocidades e tempos moi competitivos supuxo unha oportunidade de relación entre as cidades de tal forma que se xeren dinámicas de emprego, crecemento económico e benestar á poboación nas cidades do eixo atlántico e destas con Ourense, mostrando na actualidade un comportamento en cifras de viaxeiros similar ás conexións de proximidade das grandes áreas urbanas de España.

Os datos públicos dispoñibles para 2019 e 2020 sitúan a ruta Vigo-Santiago-A Coruña en cifras ao redor dos dous millóns de viaxeiros e cun incremento en torno ao 4% en 2019, sendo a cuarta ruta de España en media distancia en número de usuarios.

O aumento de usuarios e servizos, non fixo que a rede ferroviaria galega presente problemas de capacidade ou saturación, tal e como se reflicte no manual de capacidade de ADIF e ADIF AV de 2019, así como no comunicado da Rede que recolle as circulacións dese mesmo ano. Esta circunstancia permite aos operadores poder aumentar o número de servizos en caso de aumento da demanda.

A pesar da oportunidade para o emprego, o benestar e a cohesión social e territorial que promete a infraestrutura e a dotación de servizos na modalidade de servizo público media distancia, son evidentes as necesidades de mellora. Así, hai que ter en conta dous feitos que modificaron a prestación deste servizo.

En primeiro lugar, a pandemia xerada como consecuencia do COVID-19, a declaración do primeiro estado de alarma, así como as sucesivas normas que afectaron á mobilidade en xeral, supuxeron unha drástica eliminación de servizos que logo foron recuperados, pero sen volver á oferta existente antes de marzo de 2020.

En segundo lugar, a posta en marcha do servizo AVE entre Madrid e Ourense. A existencia deste novo servizo supuxo un axuste dos servizos e das conexións entre Ourense e o resto de cidades, realizado principalmente baixo a premisa de facilitar a conexión co AVE a Madrid, pero sen ter en conta as necesidades dos usuarios galegos que utilizan o ferrocarril como medio de transporte para acudir aos seus centros de traballo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:06	Páxina 12 de 32
3457-1101	CSV: AHAAB3-A3AHB7-5F2D55-YYN9G1-7B7RJ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Ante esta situación, para que a mellora dos servizos e infraestruturas ferroviarias sexa unha oportunidade real para os usuarios que se desprazan a ou dende Vigo, é necesario profundar na consideración de transporte ferroviario de viaxeiros como un servizo público, e en consecuencia facer real na práctica a garantía de universalidade, accesibilidade e prestación en condicións económicas atractivas e accesibles para todos os usuarios.

Por todo o exposto, este grupo municipal propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Instar ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e a entidade pública RENFE a:

1º.- Repoñer os servizos eliminados como consecuencia da pandemia do Covid-19 e a chegada do AVE a Galicia e que se garanta o funcionamento dos servizos e conexións nos horarios acordados, adaptando as frecuencias nos servizos de Media Distancia e Avant de xeito que se facilite a súa utilización nos horarios habituais de entrada e saída do traballo, tanto en xornadas continuas como partidas.

2º.- Manter unha oferta de servizos media distancia en convivencia e non con prevalencia de servizos comerciais de longa distancia ou AVE que conectan a nosa Comunidade co resto da península.

3º.- Garantir a puntualidade e fiabilidade dos servizos de Media Distancia e Avant.

4º.- Avanzar nunha política tarifaria adaptando o prezo dos abonos á realidade socioeconómica actual e mellorando a flexibilidade na utilización dos mesmos."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con sete votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Román e Marnotes González, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señor e señora Pérez Correa e Méndez Fuentes e mais do membro non adscrito Sr. Pérez Igrexas, e dezasete votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Álvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adoptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a moción presentada, en data 20.05.22 (Rex. Nº 3427/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, cuxo texto consta na parte positiva deste acordo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:06	Páxina 13 de 32
3457-1101	CSV: AHAAB3-A3AHB7-5F2D55-YYN9G1-7B7RJ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**6.(99) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA A ASUMIR O ESTUDO DE ALTERNATIVAS Á PRESA DE EIRAS E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. PLENO 3429/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de maio de 2022, número 3429/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. Lopez Font, formula a seguinte,

**MOCIÓN**

“O problema de abastecemento de auga á cidade de Vigo arrástrase desde hai anos sen que a Xunta adoptase ningunha medida.

En cambio apresúrase a reclamar dos concellos a adopción de medidas ante a situación de seca. O Concello de Vigo leva máis dunha década na súa política de humanizacións, que supón a renovación dos sistemas de saneamento e abastecemento. Nestas actuacións lévanse investidos centos de millóns de euros.

As medidas de aforro de auga que pide a Xunta, e algunha máis, xa se puxeron en práctica hai máis de 10 anos; e a proba é que estamos por baixo do 10% nas perdas, resultado desa adopción de medidas e seguimento continuo das mesmas.

Pero o goberno da Xunta do que debe preocuparse é de dar solucións ao abastecemento de auga ao Concello de Vigo e aos que se fornece auga desde Vigo (Cangas, Moaña, Redondela, Mos e puntualmente algún máis)

O Concello de Vigo ten en construción unha nova potabilizadora, cun investimento de 23 millóns de euros, coas mellores tecnoloxías financiada exclusivamente pola cidade de Vigo. Como queira que a Xunta achega 0 euros a esta infraestrutura, destinar 23 millóns de euros do plan de investimentos supón deixar de facer outras actuacións, que serían tamén necesarias, para poder asumir este gasto.

Fronte ás actuacións do Concello de Vigo, a Xunta non fixo nada. Nas situacións máis difíciles de seca a Xunta rexeitou, en 2013 e 2017, a proposta de realizar un transvasamento de emerxencia.

Acordouse encargar a unha empresa que fixese un estudo técnico para analizar o abastecemento de auga ao área viguesa. Unha vez finalizado este estudo, determinouse a necesidade dunha toma de emerxencia, só cando fose necesario, na confluencia dos ríos Oitaven e Verdugo, e unha nova pequena presa augas arriba da Presa de Eiras. Todas estas actuacións con efecto medioambiental cero.

A política de obstaculización da Xunta a esta cidade e concellos da Área Metropolitana chega ao momento de cuestionar as solucións técnicas que se propoñen.

Polas competencias que lle corresponden, en abastecemento en alta, é obrigado que o goberno da Xunta de Galicia actúe de forma activa nas solucións ao problema de abastecemento de auga a Vigo e aos concellos da Área Metropolitana.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:06	Páxina 14 de 32
3457-1101	CSV: AHAAB3-A3AHB7-5F2D55-YYN9G1-7B7RJ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia a asumir o estudo de alternativas á Presa de Eiras.
- Instar á Xunta de Galicia a realizar unha achega económica do 30% do importe estimado para á construción da nova potabilizadora de Vigo, que inicialmente está prevista en 23 millóns.
- Instar á Xunta de Galicia a investir os 6 millóns de euros que recada pola taxa de abastecemento, nas actuacións necesarias en materia de infraestruturas para o abastecemento de auga.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con dezasete votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Álvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e sete votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Román e Marnotes González, mais dos membros do grupo municipal Mixto señor e señora, Pérez Correa e Méndez Fuentes, e mais do membro non adscrito Sr. Pérez Igrexas, adoptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a moción presentada, en data 20.05.22 (Rex. Nº 3429/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

### **7.(100) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA A DEROGAR O ARTIGO DA LEI DA ÁREA METROPOLITANA DE VIGO QUE CONDICIONA A SÚA CONSTITUCIÓN Á INTEGRACIÓN NUN PLAN DE TRANSPORTE MUNICIPAL QUE NON EXISTE. EXPTE. PLENO 3428/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de maio de 2022, número 3428/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. Lopez Font, formula a seguinte,

## MOCIÓN

“No momento da aprobación da Lei da Área Metropolitana de Vigo, Núñez Feijoo pensaba que gañaría as eleccións municipais. O resultado, en cambio, foi adverso para o Partido Popular, e a maioría que configuraba a área Metropolitana de Vigo era adversa ao PP



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:06	Páxina 15 de 32
3457-1101	CSV: AHAAB3-A3AHB7-5F2D55-YYN9G1-7B7RJ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Precisamente porque non ostentaban a maioría, rebentaron o acto de constitución da Área Metropolitana. Nese acto, procédese forma legal, á elección de presidente na persoa do Alcalde de Vigo. Na súa estratexia de confrontación recorren esta constitución e elección de presidente ante os tribunais.

Os tribunais ratificaron que a Área Metropolitana de Vigo constituíuse legalmente, e que a elección do presidente axustouse a dereito, pero que a lei impoñía unha condición de imposible cumprimento ao condicionar a constitución da Área á adhesión ao Plan de Transporte Metropolitano de Galicia (PTM), que non existía.

A Área Metropolitana de Vigo é un instrumento de inmenso valor sociolóxico e económico para os municipios que a integran. Na práctica funciona como tal, e a súa importante capacidade política ao agrupar ao 25% de Galicia, foi o que levou a Núñez Feijoo a rebentalala custase o que custase.

É hora de atender a unha realidade social, política e económica que hoxe funciona inclusive sen ter o instrumento política e ao financiamento económico que correspondería á Xunta.

A solución está en mans do goberno de Alfonso Rueda coa súa maioría parlamentaria, derogando o artigo que establece a integración de Vigo, como obrigatoria, nun Plan de Transporte Metropolitano de Galicia que non existe.

É unha decisión política que favorecerá aos 500.000 habitantes da Área Metropolitana de Vigo. Non atendela é atacar ao desenvolvemento económico da cuarta parte de Galicia. O novo goberno de Galicia de Alfonso Rueda ten na súa man rectificar un erro histórico.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

#### ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia a derogar o artigo da Lei da Área Metropolitana de Vigo que condiciona a súa constitución á integración nun Plan de Transporte Metropolitano de Galicia que non existe, de acordo coa literalidade da sentenza do Xulgado Contencioso-Administrativo nº1 de Vigo que sinala: *“é fundamental suliñar que o Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, non existe, nin como disposición administrativa, nin como acto administrativo xeral”*

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con dezasete votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Álvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, tres abstencións dos membros do grupo municipal Mixto señor e señora, Pérez Correa e Méndez Fuentes, e mais do membro non adscrito Sr. Pérez Igrexas, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:06	Páxina 16 de 32
3457-1101	CSV: AHAAB3-A3AHB7-5F2D55-YYN9G1-7B7RJ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



señoras e señor, Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Román e Marnotes González, adoptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a moción presentada, en data 20.05.22 (Rex. Nº 3428/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

*Incidencia. Ausentase do Salón de Plenos o concelleiro Sr. Losada Alvarez.*

**8.(101) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO AO ACTUAL PRESIDENTE DA XUNTA A RECOÑECER Á CIDADE DE VIGO UNHA DÉBEDA HISTÓRICA DE 2.258 MILLÓNS DE EUROS, CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS DOS 13 ANOS ANTERIORES. EXPTE. 3430/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de maio de 2022, número 3430/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. Lopez Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O goberno de Núñez Feijoo foi moi negativo para a cidade de Vigo durante os 13 anos do seu mandato.

En reiteradas ocasións, o Goberno Municipal de Vigo trasladou as demandas desta cidade para ser atendidas. Nunca o foron, e ao longo de todo o mandato a débeda histórica con esta cidade foise incrementando.

A elección de Alfonso Rueda, como Presidente da Xunta de Galicia, debería facerlle reflexionar sobre a relación con esta cidade.

Desde o Goberno Municipal considérase imprescindible esa reflexión, e a adopción de medidas, xusto no momento de inicio do seu mandato, para reparar o inxusto trato que o anterior goberno galego tivo coas viguesas e vigueses.

É tempo de rectificar políticas anteriores e recoñecer un punto de partida e establecer prazos para compensar á cidade de Vigo sobre o non investido nos anteriores 13 anos de goberno.

Este Pleno aprobou a cuantificación económica da débeda que ten o goberno de Galicia coa nosa cidade. Convén lembrar que, neses 13 anos, o goberno galego dispuxo de 25.261 millóns de euros en investimentos, e que dado que só investiu en Vigo uns 500 millóns, a débeda histórica con esta cidade é de 2.258 millóns que crece día a día ao non tomar ningunha iniciativa de atención ás demandas da cidade.

O actual Presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, ten unha oportunidade inmillorable para facer o recoñecemento desta débeda histórica e establecer a forma e prazos en tempo para satisfacela.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:06	Páxina 17 de 32
3457-1101	CSV: AHAAB3-A3AHB7-5F2D55-YYN9G1-7B7RJ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

#### ACORDO

- Instar ao actual Presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, no inicio do seu mandato, a recoñecer á cidade de Vigo unha débeda histórica de 2.258 millóns de euros, consecuencia das actuacións dos 13 anos anteriores, e establecer os prazos para o seu abono.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, tres abstencións dos membros do grupo municipal Mixto señor e señora, Pérez Correa e Méndez Fuentes, e mais do membro non adscrito Sr. Pérez Igrexas, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Román e Marnotes González, adoptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a moción presentada, en data 20.05.22 (Rex. Nº 3430/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

### **9.(102) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, EN APOIO Á PLATAFORMA EMANCIPATIC.ORG AO SEU MANIFESTO PARA FACILITAR O ACCESO E O USO DAS TECNOLOXÍAS DIXITAIS ÁS PERSOAS MAIORES. EXPTE. PLENO 3431/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de maio de 2022, número 3431/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. Lopez Font, formula a seguinte,

- MOCIÓN DE APOIO A PLATAFORMA EMANCIPATIC.ORG AO SEU MANIFESTO PARA FACILITAR O ACCESO E O USO DAS TECNOLOXÍAS DIXITAIS ÁS PERSOAS MAIORES-

ANTECEDENTES

O 27 de marzo de 2006, a Asemblea Xeral das Nacións Unidas adoptou a Resolución 60/252, na cal se proclamaba o 17 de maio Día Mundial da Sociedade da Información (# diadeinternet), para promover o bo uso e difundir os enormes beneficios que brinda Internet e as tecnoloxías dixitais aos habitantes de todo o mundo.

En cada unha das edicións o Comité de Impulso ( CI) do # diadeinternet, conformado por máis de 50 organizacións sociais, elixe un tema sobre o que



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:06	Páxina 18 de 32
3457-1101	CSV: AHAAB3-A3AHB7-5F2D55-YYN9G1-7B7RJ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

focalizar as accións e actividades para celebrar a efeméride. O tema elixido para a edición de 2022 é "Internet e as tecnoloxías dixitais para as persoas maiores e o envellecemento saudable" proposto pola UIT e aprobado por unanimidade na reunión do Comité de Impulso do 24 de Xuño de 2021.

Con este motivo, elaboramos este Decálogo proponendo medidas que faciliten o acceso e o uso das tecnoloxías dixitais ás persoas maiores e que contribúan ao seu empoderamento.

## CONTEXTO

As persoas maiores constitúen un segmento moi heteroxéneo e cada vez máis numeroso en Europa. En España o 20% da poboación, nove millóns e medio, son maiores.

Especial atención requiren as persoas con discapacidade maiores (o 30% do colectivo), pola súa especial vulnerabilidade e pola aparición ou agravación de dependencias que pode producirse en paralelo ao proceso de envellecemento.

Adicionalmente, ser muller maior supón, en ocasións, unha dobre discriminación debido ao contexto sociocultural e económico que en moitas ocasións agrava a súa situación xa que en ocasións recae sobre elas a tarefa de cuidadoras doutros membros da familia.

O uso das tecnoloxías dixitais no colectivo das persoas maiores é xa un elemento transversal e vertebrador cada vez máis relevante para a súa vida diaria que a axuda para estar presentes e ser participes na sociedade, a exercer os seus dereitos para evitar a aparición da soidade non desexada e a envellecer de forma máis saudable.

Doutra banda, atopámonos cunha transformación dixital acelerada onde atopamos dispositivos, servizos e tecnoloxías non adaptadas ao colectivo de maiores impedindo que poidan facer uso de servizos ou mesmo reivindicar os seus dereitos en igualdade de condicións co resto.

Ao mesmo tempo, este acceso ás oportunidades e beneficios da dixitalización debe poder realizarse nunha contorna confiable e seguro. Por iso, do mesmo xeito que ocorre no mundo físico, é importante que aprendan a protexerse e a identificar posibles enganados a través de campañas e accións orientadas a achegar os principios da ciberseguridade a este colectivo.

Garantir a plena inclusión dos nosos maiores, con e sen discapacidade, esixe establecer medidas e recursos sociais destinados a dar respostas enfocadas no respecto pleno á súa dignidade, dereitos, intereses e preferencias contando coa súa participación efectiva.

A elección dunhas tecnoloxías dixitais desde unha perspectiva humana @teniendo en cuenta ao colectivo de persoas maiores contribuirá ao seu empoderamento como cidadáns, ao seu desenvolvemento persoal, a mellorar a súa vida diaria e a un envellecemento máis saudable. Todo iso, á súa vez, fainos mellores a todos como sociedade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:06	Páxina 19 de 32
3457-1101	CSV: AHAAB3-A3AHB7-5F2D55-YYN9G1-7B7RJ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

- Instar o apoio ao decálogo de medidas propostas pola Plataforma EMANCIPATIC.ORG:
  - 1) Promover unhas actitudes sociais que partan do respecto pleno á súa dignidade, liberdade, intereses, preferencias e ao dereito que lles ampara a ter unha participación e unha vida social efectiva de maneira que as persoas maiores e, entre elas, as persoas con discapacidade maiores, estean contextualizadas na Sociedade Dixital, de forma que poidan ocupar o papel que lles corresponde, en igualdade de condicións.
  - 2) Respetar e facer cumprir o xa aprobado tanto na Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade así como na lexislación española e na da Unión Europea respecto a as obrigacións de accesibilidade e ausencia de barreiras nos dispositivos, aplicacións e servizos que conforman as tecnoloxías dixitais.
  - 3) Promover, incentivar e defender que os dispositivos, produtos, aplicacións e servizos tecnolóxicos sexan accesibles para todas as persoas, con especial atención a Internet, para que manteña o seu deseño universal e accesible para calquera tipo de persoa maior e que lles proporcione as mesmas facilidades que ao resto da poboación.
  - 4) Desenvolver iniciativas e plans de axudas públicas para dotar ás persoas maiores dos coñecementos e habilidades necesarios para que poidan utilizar de maneira independente as ferramentas dixitais: dispositivos, aplicacións e servizos e poder garantir así unha experiencia de uso igualitaria. Apoiar e impulsar as actividades nos centros de Competencias Dixitais para que os maiores adquiren autonomía en todas as facetas da realidade dixital.
  - 5) Promover o uso seguro das tecnoloxías dixitais para as persoas maiores dotándoos dos coñecementos e habilidades necesarias, con proxectos e campañas de concienciación específicas en materia de ciberseguridade, que incrementen o nivel de protección fronte ás ameazas da internet e axúdenlles a previr posibles ciberincidentes.
  - 6) Investir en análise, estudos e investigación para anticiparse e dar adecuada resposta ás demandas e necesidades das persoas maiores na sociedade dixital, dotándoos dun financiamento realista a través de plans de axuda concretos.
  - 7) Potenciar a importancia do talento e a experiencia sénior para darlles cabida na sociedade buscando fórmulas, a través das tecnoloxía dixitais, para que as persoas maiores poidan seguir achegando talento e experiencia.
  - 8) Evitar a discriminación e os rumbos algorítmicos por razóns de idade ou discapacidade nas novas aplicacións da Intelixencia Artificial. Incentivar os algoritmos sociais con criterios éticos, responsables e de inclusión que sirvan de marco de orientación e prescrición para que a Intelixencia Artificial teña unha vertente social.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:06	Páxina 20 de 32
3457-1101	CSV: AHAAB3-A3AHB7-5F2D55-YYN9G1-7B7RJ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- 9) Prestar especial atención ás novas reformas lexislativas en materia de tecnoloxías dixitais, apoiándoas e dotándoas dos adecuados recursos que as fagan viables e efectivas para o colectivo de persoas maiores.
- 10) Promover plans de axuda e formación concretos para incentivar e facilitar o uso das tecnoloxías por parte das persoas maiores: que se aproben e apliquen políticas públicas, estratexias, plans de acción, leis e regulamentos non discriminatorios que promovan e garantan o pleno goce de todos os seus dereitos e liberdades fundamentais permitindo conectar a toda a sociedade.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e tres membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a moción presentada, en data 20.05.22 (Rex. Nº 3431/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

#### **PARTE DE CONTROL**

#### **10.(103) DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DO 20.04 AO 13.05.22. EXPTE. 1213/1102. EXPTE. PLENO 3421/1101.**

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía (do 20.04.22 ao 13.05.22) incluídas no expediente 1213/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.

#### **11.(104) DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS, DO 20.04 AO 13.05.22. EXPTE. 1214/1102. EXPTE. PLENO 3422/1101.**

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados (do 20.04.22 ao 13.05.22) incluídas no expediente 1214/1102.

ACORDO.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:06	Páxina 21 de 32
3457-1101	CSV: AHAAB3-A3AHB7-5F2D55-YYN9G1-7B7RJ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.

## MOCIÓNS.

### **12.(105) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO SOBRE A SITUACIÓN ADMINISTRATIVA E LABORAL DA CONCESIÓN DO TRANSPORTE URBANO DE VIGO. EXPTE. PLENO 3420/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de maio de 2022, número 3420/1101, os concelleiros do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes e Sr. Pérez Correa, formulan a seguinte,

#### MOCIÓN

“A historia de VITRASA, con máis de 50 anos de presenza na xestión do transporte urbano da cidade, é a historia dunha oportunidade perdida para ter un transporte público de viaxeiros/as con misión e visión pública e socialmente responsable. En 1968, en plena ditadura franquista, a empresa comezou a súa andadura apadrinada polos estamentos do franquismo con 32 autobuses que viñan a xerar unha dura competencia co sistema tradicional de transporte mediante tranvías, que dominaran o espazo urbano da cidade dende inicios de século, especialmente dende 1912 coa creación da Compañía de Tranvías Eléctricos de Vigo.

Dende o inicio da súa andadura, a convivencia do aparato político franquista e a aposta decida polo alcalde do réxime Portanet por priorizar este modelo de transporte sobre o sistema de tranvías foi a tónica xeral. O propio Concello de Vigo xa en plena postguerra, no ano 1946, decidira non habilitar máis liñas ou metros de vía na cidade finiquitando un ambicioso plan da Compañía de Tranvías e apostando xa decididamente en 1964 pola substitución por autobuses e trolebuses (o propio Portanet quería que esta substitución fora inmediata, en nada menos que catro anos). No Faro de Vigo do 2 de agosto de 1967 o alcade dicía: *“Queremos la supresión de los tranvías. Bajo mi responsabilidad personal y oficial afirmo que el tranvía es un bicharraco arcaico y demodé. Lo vamos a sobrepasar. Tranvías dejará de existir en el plazo más rápido”*.

Con esta intencionalidade, ese mesmo ano foron expropiadas as cocheiras da compañía de tranvías sitas naquela altura nos terreos actuais da Praza de América coa Avenida de Castelao e tamén foi licitado o prego para a concesión privada da nova compañía de autobuses á que se presentarían tres compañías: Coviasa, Transportes de Vigo, e VITRASA, sendo esta última a que resultaría gañadora do concurso. Vigo nunca tivo en mente, nin entón nin en etapas posteriores, a creación dunha empresa municipal de transporte do mesmo xeito que xa operaba naquel momento e en anos posteriores na maior parte das grandes cidades do estado español.

Xa entón as dúbidas sobre a transparencia no proceso foron recurrentes e mesmo as acusacións públicas de favoritismo cara a VITRASA por parte da corporación local encheron páxinas nos medios de prensa locais e debates no propio Pleno do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:06	Páxina 22 de 32
3457-1101	CSV: AHAAB3-A3AHB7-5F2D55-YYN9G1-7B7RJ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Concello. O conflito coa empresa de tranvías que se resistía a súa liquidación foi longo e non exento de conflitos legais e políticos durante varios anos.

A evidente convivencia do aparato municipal franquista e a empresa foi dende o inicio da concesión, dende a compra previa á licitación dos autobuses por parte de VITRASA, como se fose coñecedora da adxudicación, ata a trama con ramificacións políticas que abastecía de repostos, combustibles e pneumáticos que devengou entre outras cousas en que o 2 de decembro de 1969, a Audiencia Provincial de Pontevedra procesara a 11 concelleiros do Concello de Vigo que nada máis aprobarse a concesión a VITRASA recibiran regalos da empresa por valor de 25.000 pesetas cada un deles, un auténtico capital nesa época, sendo cesados anos despois sete deses concelleiros e suspendidos durante anos o resto.

Ademais desta realidade concesional, as sucesivas subas do prezo do billete e a conflictividade laboral da transición fóron un contínuo escenario que viviu a concesión de VITRASA ata ben entrados os anos 80 especialmente no conflito “pases pro bus” onde miles de mozos e mozas esixían un prezo asequible para un transporte que dende a crise do petróleo de 1973 non paraba de encarecerse con respecto aos salarios e renda dispoñible media dos vigueses e viguesas e que soamente foi solucionado a partir do ano 1984 coa chegada dos bono-buses que marcarían xa a partir de entón o sistema tarifario da concesión.

Nun escenario de profunda opacidade das contas da compañía, o Concello, entón presidido polo alcalde Manuel Soto, realizou auditorias a VITRASA, negociacións duras nas que quedou claro que a implementación sociolóxica do franquismo no sistema concesional estaba aínda presente e que “VITRASA mandaba moito no Concello”, como popularmente dicíase nas rúas viguesas.

A concesión administrativa, que finalizaba en 1993, foi convenientemente denunciada polo Concello de Vigo no ano 1992 para iniciar a nova licitación, que buscaba, en teoría, adaptar o servizo de transporte ás novas realidades de cidade: conexións ao CUVI, necesidade de clarificar o billete de transferencia, novas rutas e, especialmente, buscar un sistema de cálculo tarifario que permitira amortizar os investimentos de xeito claro e garantir a continuidade da do cadro de persoal e os dereitos laborais acadados nos longos conflitos laborais dos anos 70 e 80.

Fronte á posibilidade manifestada por forzas políticas como Esquerda Unida, Esquerda Galega ou BNG de optar pola creación dunha empresa pública municipal (modelo que era a opción maioritaria nas grandes cidades e capitais de provincia do estado), ou dunha empresa mixta como solicitaba a Federación de AAVV; un pacto PP e PSOE, escenificado no pleno do 28 de xuño de 1992, optou por que VITRASA seguira sendo un sistema concesional privado como fora deseñado durante o franquismo polas élites do réxime na cidade.

Pese a que o Concello xa tiña todo disposto para a nova concesión, no ano 1993, o Consello Municipal de Transportes, formado por partidos, sindicatos e AAVV, sorpresivamente decidiu, influenciado polo Goberno local, ampliar 5 anos máis a concesión, nun claro xesto para facilitar a VITRASA a adaptación ao novo tipo de licitación pública. O escándalo foi maiúsculo e varios membros do PSOE no Pleno desmarcáronse de esta decisión xa que, entre outras cousas e como finalmente foi certificado polo secretario do Pleno, coa denuncia previa do convenio, a execución da prórroga era ilegal, polo que en xaneiro de 1994 foron aprobadas as bases do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:06	Páxina 23 de 32
3457-1101	CSV: AHAAB3-A3AHB7-5F2D55-YYN9G1-7B7RJ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

novo concurso, cunha concesión de 25 anos con prórroga de 5 anos. Concesión que é a que actualmente, con diversas modificacións de alcance, está vixente. Naquela altura VITRASA xa coaccionaba polo que entendía que era un agravio económico do novo prego aínda que a fórmula de cálculo do billete era absolutamente vantaxosa para a empresa e mesmo obrigaría a compensar con recursos públicos municipais para evitar un prezo de billete ordinario á veciñanza abusivo. Sistema que perdura hoxe en día trala ampliación de 5 anos acordada en 2020.

No ano 2000 VITRASA e Auto-res (compañía de transporte interurbano) crean o Grupo Avanza ao que se irán unindo concesión de transporte urbano de varias cidades, entre elas Zaragoza ou Ourense, creando un gran grupo privado de transporte onde VITRASA xoga un papel determinante dende entón. En 2004 o grupo é adquirido por un grupo inversor mexicano que actualmente ostenta a maioría accionarial. Este grupo é o que dende entón tensiona permanentemente á concesión facendo entre outras cousas lobby de presión para malograr a integración de Vigo no transporte metropolitano, condicionando a nova licitación do transporte que remataba xa no 2019 e establecendo como presión permanente o sistema de fórmula polinómica para calcular o prezo do billete que consagrou o contrato concesional de 1994.

Dende a existencia deste contrato do ano 1994 sucederonse diversas modificacións, dende a chegada do billete de transferencia, renovacións permanentes de flotas, novas liñas ao CUVI e Alvaro Cunqueiro, e máis recentemente, a PASSVIGO, que, paralelo ao servizo, condicionan o equilibrio económico da concesión polo que se implementou o sistema perverso de compensación á empresa de non acadarse a prognose de viaxeiros/as que se ten movido dende 2008 nos 20 millóns de pasaxeiros e pasaxeiras.

O propio alcalde calificaba de desfasado o contrato en 2019 e apostaba por non ampliar a concesión (opción recollida no prego actual) e redactar novos pregos e concurso concesional. As declaracións naquela altura do alcalde de Vigo, Abel Caballero, desbotaban ampliar a concesión a pesar de figurar no prego formalizado no ano 1995 a posibilidade de prorrogar a concesión por 5 anos ate un máximo de 35 (incluído o prazo fixo concesional).

Mais, pese a que o Concello de Vigo decidiu o 28 de decembro de 2018 denunciar a prórroga da concesión para “evitar a prórroga tácita do actual contrato”, coa excusa da situación creada pola crise sanitaria da pandemia da COVID-19, o Goberno local decidiu ampliar 5 anos a concesión pero eliminando a compensación anual por número de pasaxeiros/as e ligando o prezo do billete e as cuestións de compensación económica á concesionaria exclusivamente ao prego do ano 1994, algo que é a todas luces unha temeridade porque deixa aberto un escenario de negociación posterior coa empresa sen contido garantista no acto administrativo da concesión.

Con esta acción, o Concello invalida de facto o preceptivo regulamento do servizo aprobado en 2019 ante o que Marea de Vigo entendía que a aposta polo servizo concesionado indirectamente a unha empresa privada era un profundo erro e apostaba por deixar aberta a posibilidade da xestión pública directa do mesmo como é na maior parte das grades cidades do estado.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:06	Páxina 24 de 32
3457-1101	CSV: AHAAB3-A3AHB7-5F2D55-YYN9G1-7B7RJ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Sendo certo que a crise provocada pola aparición da COVID-19 tivo, dentro dos múltiples impactos, un evidente efecto sobre o transporte público da cidade, non só en canto a limitacións de mobilidade cidadá con impacto directo no transporte como no propio aforo dos autobuses e recadación, tamén o é que VITRASA claramente sabía que este problema era menor ao ter garantido a cifra de 20 millóns de pasaxeiros/as do ano precrise que figura no contrato actualmente vixente; feito pese ao cal dende o primeiro momento a concesionaria actuou de xeito vitimista para condicionar a futuro posibles indemnizacións económicas.

Igualmente, e consciente deste impacto, o Goberno do estado aprobou o Real Decreto-Lei do 8/2020 de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias, para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19 polas medidas tomadas durante o estado de alarma, que entre outras cousas contemplaba “o dereito dos titulares das concesións de servizos ao restablecemento do equilibrio económico do contrato mediante a ampliación da duración inicial do contrato ata un máximo dun 15% o mediante a modificación das cláusulas de contido económico incluídas no contrato”.

Porteriormente, e rematado o estado de alarma, o Goberno do estado artellou unha proposta, incluída no Real Decreto lei 27/2020 de 4 de agosto, que pretendía regular a fórmula que determinaba a contía do reequilibrio para o ano 2020, que, a pesar de ser rexeitado polo Congreso, abriu a porta a un acordo posterior de uso de remanentes que permitía aos concellos empregar recursos para a compensación e equilibrios económicos financeiros dos servizos públicos de transporte, feito que o Concello de Vigo decidiu non empregar, tal e como fixeron outros concellos como o caso de Sevilla.

Neste contexto chegamos ao mes de decembro de 2020 cando VITRASA xa amosa as súas intencións de empregar a situación laboral do persoal como mecanismo de presión na negociación das condicións económicas ligadas á ampliación concesional.

Nesa altura decide unilateralmente non aboar a paga extra do mes de decembro argumentando que o Concello de Vigo non compensou as perdas provocadas pola situación sanitaria, provocando a sorpresa do cadro de personal e o impago de nóminas por primeira vez na historia do transporte urbano da cidade de Vigo. Esta situación desbloquéase o día 21, despois da decisión do Goberno local de aboar 2.194.963,56 euros fronte aos 8.240.712 reclamados pola empresa privada. Unha diferenza que amosa o descontrol e disparidade de criterios interpretativos entre Goberno local e empresa concesionaria.

Evidentemente a partir desta actuación queda en evidencia que VITRASA emprega de xeito interesado a situación COVID coma complemento dunha situación de franca vantaxe que xa de por si atesora co contrato, pero amosa tamén, e é o máis grave, que o Concello de Vigo ten que se desdicir da denuncia do contrato e decidir unha prórroga de 5 anos que nada ten que ver con ese 15% de aumento que recolle o Real Decreto-lei do 8/2020 de 17 de marzo.

Porque o Goberno local non emprega, por así dicilo, a “fórmula COVID” para compensar a VITRASA, senón que sorprendentemente emprega a cláusula que figura no contrato do ano 1995, a de 5 anos prorrogables a un máximo de 35 contando o periodo concesional inicial. Decisión que para Marea de Vigo está evidentemente motivada porque ese 15% do Real Decreto non compensa, xa non as perdas de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:06	Páxina 25 de 32
3457-1101	CSV: AHAAB3-A3AHB7-5F2D55-YYN9G1-7B7RJ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

pasaxeiros e pasaxeiras por debaixo dos 20 millóns que ten que garantir a cidade, senón tamén o “pozo sen fondo” que é esta concesión, pozo sen fondo ao que os gobernos locais lanzan todo tipo de proxectos: publicidade noutras cidades para promocionar a cidade, cartas a toda a veciñanza de Vigo anunciando a Pass Vigo coa cara do alcalde, ou a inxustificada renovación e compra en vez de renting de vehículos cada poucos anos. Todo un elenco de decisións que logo VITRASA anota e coloca no “pendente de amortizar” na concesión. Unha ruína para a cidade pero un “negocio” para a empresa, que a día de hoxe esgrime ter pendente 16 millóns de euros de amortización en forma de terreos das cocheiras, vehículos e outros conceptos.

Nesta situación de permanente lea entre VITRASA e Concello, motivada ao noso entender por ampliar de xeito caótico e sen previsión clara de que sistema se vai a empregar para realizar o equilibrio económico e financeiro da concesión; VITRASA, pese a que no ano 2021, e como figura na Conta Xeral do Concello dese ano, recibiu 21 millóns de euros de axudas públicas e compensacións por parte das administracións do estado fronte aos 27 millóns que lle custa a explotación do servizo, anota un novo capítulo de tensión anunciando a inviabilidade económica da concesión e argumentando a necesidade dun descolgue salarial do 30% das nóminas do persoal e un aumento anual de xornada. De novo a presión negociadora co Concello co uso dos dereitos laborais dos traballadores e traballadoras.

Hai unha evidente responsabilidade empresarial nestas decisións e noutras como a arbitraria supresión de liñas vendida como unificación das mesmas, pero tamén hai especialmente unha responsabilidade do Goberno local primeiro na tutela pública sobre as concesións administrativas que aproba, no seu seguimento e no cumprimento dos pregos concesionais; pero tamén no feito de que a esta situación se chega por decisións tomadas en Xunta de Goberno local, especialmente dende a decisión de activar a prórroga actual de 5 anos, de non clarificar na mesma que criterios marcan os futuros e presentes importes de reequilibrio económico concesión así como de non exercer responsablemente a auditoria e control dos servizos públicos esenciais para os vigueses e viguesas.

Polo exposto, o Grupo Municipal Mixto (Marea de Vigo) presenta ao Pleno para a súa aprobación se procede os seguintes ACORDOS:

- 1.- O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local a abrir un expediente informativo en base aos pregos concesionais do servizo de transporte público de pasaxeiros e pasaxeiras de substanciarse o descolgue salarial e o cambio de condicións laborais recollidas no convenio colectivo de aplicación.
- 2.- O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local a denunciar ante a Inspección de Traballo os graves e reiterados incumprimentos en materia laboral da empresa VITRASA.
3. - O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local a anular a decisión de activar a prórroga do contrato de xestión do transporte público de Vigo e facer valer a única decisión xurídicamente válida que é a denuncia do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:06	Páxina 26 de 32
3457-1101	CSV: AHAAB3-A3AHB7-5F2D55-YYN9G1-7B7RJ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

mesmo do 28 de decembro de 2018 que invalida a prórroga posteriormente anunciada.

4.- O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local a estudar de xeito inmediato e ante a ameaza de quebra concesional, a xestión pública directa do servizo e a modificar o regulamento de transporte aprobado en 2018 no relativo ao epígrafe que consagra a xestión indirecta concesional do servizo.

5.- O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local á convocatoria inmediata do Consello Sectorial de Transportes da cidade de Vigo para dar audiencia a empresa, organizacións sindicais e colectivos veciñais e sociais da cidade para abordar esta situación na concesión.

6.- O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno local a realizar inmediatamente unha auditoria externa, con concurso previo de cando menos tres consultoras e criterios obxectivos e independentes tal e como figura preceptivo no contrato actual de transporte urbano colectivo así como dos destinos finais dos máis de 21 millóns de euros de subvencións públicas recibidas pola empresa no ano 2021 e que figuran na proposta de Conta Xeral do Concello dese exercicio."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con sete votos a favor dos membros do grupo municipal Mixto, señor e señora Pérez Correa e Méndez Fuentes, mais do membro non adscrito Sr. Pérez Igrexas, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, Egerique Mosquera, López Román e Marnotes González, e dezaseis votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adoptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a moción presentada, en data 18.05.22 (Rex. Nº 3420/1101), polos concelleiros do grupo municipal Mixto, Sra. Mendez Fuentes e Sr. Pérez Correa, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

### FORMULACIÓN DE ROGOS.

**13.(106)** Rogo formulado polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas. Que se atenda a petición da veciñanza para modificar a reforma prevista no parque Garcia Picher, evitando a redución do espazo verde e o dedicado para parque canino para substituílo por unha macrosuperficie de caucho.

**14.(107)** Rogo formulado pola concelleira do grupo municipal Mixto, Sr. Méndez Fuentes. Que o Goberno local teña en consideración os resultados do referendun



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:06	Páxina 27 de 32
3457-1101	CSV: AHAAB3-A3AHB7-5F2D55-YYN9G1-7B7RJ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

popular sobre a monarquía que tivo lugar en Vigo e retire xa mesmo o busto de Juan Carlos I que aínda preside a entrada do Concello de Vigo.

**15.(108)** Rogo formulado polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González. Si se reunión o Tenente de Alcalde coa empresa concesionaria de transporte, díganos cando o fixeron e cal foi a resposta da empresa.

### FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

**16.(109)** Pregunta formulada polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas. ¿Considera adecuado o Goberno municipal para promover o alargamento do uso social da lingua galega na cidade, destinar a actividades de normalización lingüística o 5% do que dedica ao financiamento das becas de inglés?.

**17.(110)** Pregunta formulada polo concelleiro do grupo municipal Mixto, Sr. Perez Correa. ¿Cales son os impedimentos para sacar publicamente o plan de emprego local toda vez que o SEPE solventou a interpretación da contratación temporal nas administracións locais favorablemente aos plans de emprego locais con contratos menores de 12 meses?.

**18.(111)** Pregunta formulada polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González. ¿Reuniuse o Tenente de Alcalde coa empresa concesionaria de transporte urbano, VITRASA para esixirlle o cumprimento do contrato e o convenio colectivo?.

### ANEXO ARCHIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno ordinario Maio  
 Legislatura: Mandato 2019-2023  
 Órgano : Pleno  
 Fecha Inici: Miércoles, 25 de Mayo de 2022 09:06:51  
 Fecha Fin : Miércoles, 25 de Mayo de 2022 12:09:54  
 Duración : 03:03:03

- HTML

[https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos\\_actas.jsp?id=3195](https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3195)

- Media (MASTER)

[1] Video Windows Media 720p, Stereo, 2.4 GiB

SHA512 -  
 35e1470f544a9e87d235b47e6a39caab3a2d5ae8a94abed21d81be0153ee16c904d401a  
 9c53a1b068b729de9f9efbdab86c9b7540e2663782bb41b77cec8f774



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:06	Páxina 28 de 32
3457-1101	CSV: AHAAB3-A3AHB7-5F2D55-YYN9G1-7B7RJ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- Minutaxe

- 
- 00:00:01 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Interventor; Secretario; Silva Rego, Carmen; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Losada Alvarez, Abel Fermín; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana María; Aguiar Castro, Yolanda; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Blanco Iglesias, Eugenia Dolores; Lago Barreiro, M.<sup>a</sup> del Carmen; Estévez Rodríguez, Pablo; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Fernández Pérez, Jose Manuel; Rivas González, Angel; Rodríguez Díaz, Santos Héctor; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Marnotes González, Jose Alfonso; Egerique Mosquera, Teresa; Bartolomé Tocino, Carlota; Lopez Roman, Patricia; Pérez Correa, Rubén; Méndez Fuentes, Oriana; Pérez Iglesias, Xabier.
- 00:00:17 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:01:21 : 1. Actas anteriores: Ordinaria do 27 de abril de 2022.
- 00:01:32 : 2. Declaración Institucional 8 de abril 2022, con motivo do Día Internacional do Pobo Xitano. Expte. Pleno 3432/1101.
- 00:01:46 - Aguiar Castro, Yolanda
- 00:05:50 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:05:57 : 3. Dación de conta da contratación mediante trámite de emerxencia das obras de execución subsidiaria de derruba de edificación en situación de ruína inminente na Avda. Ramón Nieto 190. Expte. 14488/407. Expte. Pleno 3418/1101.
- 00:06:18 - Caride Estévez, María José
- 00:07:40 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:07:46 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:09:13 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:09:16 - Pérez Correa, Rubén
- 00:13:44 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:13:48 - Bartolomé Tocino, Carlota
- 00:15:35 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:15:43 - Caride Estévez, María José
- 00:18:26 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:18:48 - Minuto de Silencio Victimas violencia machista
- 00:20:01 : 4. Moción do concelleiro membro non adscrito, en apoio á petición das familias das vítimas do naufraxio do Villa Pitanzo. Expte. Pleno 2425/1101.
- 00:20:44 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:22:35 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:22:39 - Méndez Fuentes, Oriana
- 00:26:57 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:27:02 - Egerique Mosquera, Teresa
- 00:32:37 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:32:41 - López Font, Carlos
- 00:37:50 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:37:58 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:39:07 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:43:29 - Votación [9:50:18]
- 00:44:06 : 5. Moción do grupo municipal do Partido Popular para solicitar amellora do servizo ferroviario de media distancia entre as cidades de Vigo ? Santiago - A Coruña. Expte. Pleno 3427/1101.
- 00:44:21 - Marnotes González, Jose Alfonso



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:06	Páxina 29 de 32
3457-1101	CSV: AHAAB3-A3AHB7-5F2D55-YYN9G1-7B7RJ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- 00:49:28 - Espinosa Mangana, Elena  
 00:49:34 - Pérez Iglesias, Xabier  
 00:51:48 - Espinosa Mangana, Elena  
 00:51:53 - Pérez Correa, Rubén  
 00:57:00 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 00:57:03 - Espinosa Mangana, Elena  
 01:02:11 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 01:02:13 - Marnotes González, Jose Alfonso  
 01:04:23 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 01:04:52 - Pérez Iglesias, Xabier  
 01:04:57 - Marnotes González, Jose Alfonso  
 01:05:13 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 01:05:53 - Votación [10:12:41]  
 01:06:49 - Espinosa Mangana, Elena  
 01:06:53 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:07:16 : 6. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta a asumiro estudo de alternativas á Presa de Eiras e outros acordos complementarios. Expte. Pleno 3429/1101.
- 01:12:44 - Pérez Iglesias, Xabier  
 01:14:56 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 01:14:59 - Pérez Correa, Rubén  
 01:20:07 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 01:20:09 - Marnotes González, Jose Alfonso  
 01:25:06 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 01:27:50 - Marnotes González, Jose Alfonso  
 01:27:53 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 01:30:58 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 01:31:16 - Votación [10:38:05]
- 01:31:37 : 7. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta a derogar artigo da Lei da Área Metropolitana de Vigo que condiciona a súa constitución á integración nun Plan de Transporte Municipal que non existe. Expte. Pleno 3428/1101.
- 01:31:51 - López Font, Carlos  
 01:37:01 - Espinosa Mangana, Elena  
 01:37:05 - Pérez Iglesias, Xabier  
 01:39:19 - Espinosa Mangana, Elena  
 01:39:28 - Pérez Correa, Rubén  
 01:44:44 - Espinosa Mangana, Elena  
 01:44:50 - Egerique Mosquera, Teresa  
 01:49:56 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 01:50:03 - López Font, Carlos  
 01:53:05 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 01:53:10 - Votación [10:59:59]
- 01:53:44 : 8. Moción do grupo municipal Socialista, instando ao actual Presidente da Xunta a recoñecer á cidade de Vigo unha débeda histórica de 2.258 millóns de euros, consecuencia das actuacións dos 13 anos anteriores. Expte. 3430/1101.
- 01:53:55 - López Font, Carlos  
 01:53:57 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 01:53:59 - López Font, Carlos  
 01:59:09 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 01:59:13 - Pérez Iglesias, Xabier  
 02:01:18 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 02:01:24 - Pérez Correa, Rubén  
 02:06:27 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 02:06:38 - Marnotes González, Jose Alfonso  
 02:06:58 - Marnotes González, Jose Alfonso



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:06	Páxina 30 de 32
3457-1101	CSV: AHAAB3-A3AHB7-5F2D55-YYN9G1-7B7RJ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- 02:11:38 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 02:11:46 - López Font, Carlos  
 02:14:48 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 02:15:01 - Votación [11:21:50]
- 02:15:28 : 9. Moción do grupo municipal Socialista, en apoio á plataformaemancipatic.org ao seu manifesto para facilitar o acceso e o usodas tecnoloxías dixitais ás persoas maiores. Expte. Pleno3431/1101.
- 02:15:43 - Aguiar Castro, Yolanda  
 02:20:42 - Espinosa Mangana, Elena  
 02:20:46 - Pérez Iglesias, Xabier  
 02:23:03 - Méndez Fuentes, Oriana  
 02:27:34 - Espinosa Mangana, Elena  
 02:27:38 - Lopez Roman, Patricia  
 02:30:22 - Espinosa Mangana, Elena  
 02:30:26 - Aguiar Castro, Yolanda  
 02:33:14 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 02:33:23 - Votación [11:40:12]
- 02:33:50 : 10. Dar conta de resolucións da Alcaldía, do 20.04 ao 13.05.22.Expte. 1213/1102. Expte. Pleno 3421/1101.
- 02:33:58 : 11. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/asdelegados/as, do 20.04 ao 13.05.22. Expte. 1214/1102. Expte.Pleno 3422/1101.
- 02:34:14 : 12. Moción do grupo municipal Mixto sobre a situación administrativae laboral da concesión do transporte urbano de Vigo. Expte.Pleno 3420/1101.
- 02:34:28 : 12. Moción do grupo municipal Mixto sobre a situación administrativae laboral da concesión do transporte urbano de Vigo. Expte.Pleno 3420/1101.
- 02:34:28 - Pérez Correa, Rubén  
 02:39:29 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 02:39:45 - Pérez Iglesias, Xabier  
 02:41:53 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 02:42:03 - Marnotes González, Jose Alfonso  
 02:42:10 - Marnotes González, Jose Alfonso  
 02:47:03 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 02:56:26 - Pérez Correa, Rubén  
 02:56:28 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 02:56:34 - Pérez Correa, Rubén  
 03:00:03 - Caballero Álvarez, Abel  
 03:00:11 - Votación [12:07:00]
- 03:00:44 : 13. Formulación de rogos.  
 03:00:47 - Pérez Iglesias, Xabier  
 03:01:01 - Caballero Álvarez, Abel  
 03:01:04 - Méndez Fuentes, Oriana  
 03:01:23 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 03:01:26 - Marnotes González, Jose Alfonso  
 03:01:45 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 03:02:06 - Pérez Iglesias, Xabier  
 03:02:21 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 03:02:25 - Pérez Correa, Rubén  
 03:02:39 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:06	Páxina 31 de 32
3457-1101	CSV: AHAAB3-A3AHB7-5F2D55-YYN9G1-7B7RJ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Sen máis asuntos a Presidencia deu por rematada a sesión ás doce horas e nove minutos, redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

Conforme o artigo 3 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, a presente Acta, identificada co nº 9/2021, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2022.  
am.

A PRESIDENCIA

Abel Caballero Álvarez  
Javier Pardo Espiñeira

O SECRETARIO XERAL DO PLENO

José Riesgo Boluda



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:06	Páxina 32 de 32
3457-1101	CSV: AHAAB3-A3AHB7-5F2D55-YYN9G1-7B7RJ4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		